

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E O BANCO SABADELL PARA A INSTALACIÓN DA EXPOSICIÓN “DE LUGARES E COUSAS. COLECCIÓN DE ARTE BANCO SABADELL” NO MUSEO CENTRO GAIÁS DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta **FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA** formalizou o 11 de xaneiro de 2023 coa **BANCO DE SABADELL, S.A.** o instrumento convencional arriba referido por unha duración prevista ata o 25 de abril de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio, a regulación dos termos e condicións do préstamo das obras que forman parte da exposición “DE LUGARES E COUSAS. COLECCIÓN DE ARTE BANCO SABADELL” para a súa exhibición no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia é unha entidade cultural que carece de ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución, e que ten entre os seus fins a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico.



Para a consecución dos fins mencionados no apartado anterior, a fundación pode realizar, entre outras, as seguintes actividades:

“a) As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.

enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.

c) As tendentes a propiciar o achegamento da Cidade da Cultura de Galicia dun xeito físico á cidadanía, servindo como espazo de desenvolvemento de actividades non estritamente culturais, con especial énfase no lecer, o contacto coa natureza e o deporte.

d) Cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou a cultura de base.

e) As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.

f) As axeitadas para posicionar o Gaiás como referente internacional de reflexión, debate e formación no ámbito da innovación na xestión cultural, que contribúa á profesionalización dos diferentes axentes e das súas iniciativas.

g) As que impulsen o Emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.

h) As actividades e accións que contribúan a converter á Cidade da Cultura de Galicia nun proxecto economicamente sostible e socialmente rendible, incorporando novos socios estratéxicos, tanto públicos como privados, e



diversificando as fontes de financiamento para acadar a sustentabilidade do proxecto con independencia do ciclo económico.”

En cumprimento dos seus fins fundacionais e obxectivos sociais, a Fundación precisa seguir organizando exposicións que canalicen a promoción da cultura e que redunden na cidadanía galega, e polo tanto, resulten de interese xeral. Polo anterior, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia está interesada no contido da COLECCIÓN DE ARTE BANCO SABADELL e a considera idónea para que poida ser obxecto da exposición mencionada no Museo Centro Gaiás de la Cidade da Cultura de Galicia.

A posibilidade de exhibir a Colección de Arte Banco Sabadell na exposición “DE LUGARES E COUSAS. COLECCIÓN DE ARTE BANCO SABADELL” no Museo Centro Gaiás supón unha actividade de gran repercusión cultural. Dentro dos obxectivos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, atópase o servir de canle para coñecer e poñer en valor a cultura galega, así como outras manifestacións culturais a nivel internacional.

O BANCO é o titular da COLECCIÓN DE ARTE BANCO SABADELL. Algunha das obras de arte que compoñen esta colección serán exhibidas na exposición “DE LUGARES E COUSAS. COLECCIÓN DE ARTE BANCO SABADELL”.

A COLECCIÓN DE ARTE BANCO SABADELL componse de obras actuais adquiridas pola súa calidade artística, o seu valor innovador e o que poden supor de inversión ademais do seu valor decorativo. Cabe recordar que un dos seus obxectivos é a decoración dos espazos de traballo e a relación cos clientes e accionistas do banco, así valores e estética conxúganse para converterse nun elemento destacado da imaxe e da marca do BANCO.



A través de esta exposición, se pon de manifesto a relación entre os lugares e as cousas. Así mesmo, ésta explora as relacións e os límites entre lugares históricos e a memoria, entre a xeometría e o espazo, entre o límite e o baleiro, entre os corpos a palabra e o espazo, entre os lugares habitables, a cidade e o territorio.

A colección está composta por obras de autores como Isidoro Valcárcel Medina, Antoni Tàpies, Joan Hernández Pijuán, Eduardo Chillida, Esther Ferrer, Jordi Teixidor, Jose María Yturralde, Miquel Navarro, Ana Jotta, Sergi Aguilar, Susana Solano, Miguel Ángel Campano, Ferrán García Sevilla, Joan Fontcuberta, Cristina Iglesias, Hannah Collins, Ignasi Aballí, Montserrat Soto, Alicia Framis, Irma Álvarez-Laviada ou Ángela de la Cruz entre outros.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

